



SOLUCIONEMOS XUNTOS AS NOSAS DIFICULTADES

CADA POBO TEN O QUE MERECE

Os de Marey saben ben que non inventei eu o encabezamento d'esta parolada que vou a ter convosco. Déronme todo feito.

Esas verbas, postas como agarimo e recordo os homes do Servicio da Extensión Agraria de Sarria por a súa laboura na Comunidade de Marey, recollen o espírito, a forza e o sentimento d'istes homes que souperon camiñar xuntos.

Unha pedra, cravada na terra e mirando pro Ceo, é a millor sinal e símbolo que puideron escoller pra lembrar unhes anos, cheos de loitas e traballos que arro-mataron n'esas obras externas que se poden ver e n'oustras internas que sosmente Deus pode xusgar. O "monolítico" de Marey —a vista de todos— é un desafío á vangancia i o individualismo da nosa terra. O mesmo tempo, é tamén un carreiro aberto pra todos aqueles que o queiran seguir hastra o final.

Non quero remexer nin devanar máis —unque me leva o xenio non facel'lo— en todas e cada unha das obras que fixeron os de Marey en poucos anos. Cooperativas, pistas, camiños, báscula, arregro d'a Eirexa, cursillos de formación, desenrolo da cultura, etc. etc...; un pobo unido e ledó, unha xente que sabe pra onde vai... é o resultado dunha Comunidade exemprar que se deixou de perder o tempo chumisqueando ou chorando e púxose a traballar, sen outear pr'atrás ollando as dificultades.



Por todo isto, dándome conta d'as trécolas que tivéstedes que remexer, d'as gabias que houbo que saltar, d'as moreas que houbo que desfacer... non teño mais remedio que felicitarvos de novo, un ano mais. Soupestes resolver xuntos os vossos problemas. Non vos achicástedes ante as dificultades que —sabemos— eran moitas: mais ou menos parecidas, ou iguais, as que teñen os demais pobos aínda sin dar-lles xeito.

Coido que as verbas que están o pé do “monolítico” son as axeitadas: “Cada pobo ten o que merece”. A Comunidade de Marey merece o que ten, porque loitou por arrenxal'lo, saltando as gabias d'o egoísmo, desfecendo as moreas da envexa e desenmarañando as trécolas do individualismo.

Esto, meus amigos, é o voso mérito e tamén o voso premio. Faciannos falla a moitos galegos —dín que non damos creto se non vemos— o voso exemplo. Agora eiquí está. Moitas gracias por dicirnos'lo co'a forza dos feitos, porque n'as palabras xa naide cree. Continuai turrando pr'adiante.

Dende Lugo: Feliz Nadal, Noiteboa e Aninovo!. Que os Reises os traigan pro ano setenta e catro todo o que os de Marey merecedes! Unha aperta.

XESUS MATO

LUGO